

Concreción Curricular

a) A adecuación dos obxectivos xerais das etapas ao contexto do centro

Os obxectivos que se presentan a continuación están basados nos Decretos curriculares das etapas de Educación Infantil, Primaria e Secundaria ao noso contexto.

Para a súa adecuación seguiremos estes criterios:

- Elixir obxectivos axeitados a idade cronolóxica e maduración do alumno/a
 - Considerar a natureza e gravidade de trastorno
 - Dar prioridade a aprendizaxes funcionais
 - A ensinanza de habilidades alternativas
- a) Coñecer o seu propio corpo e o das outras persoas, así como as súas posibilidades de acción, dándose conta das súas capacidades e limitacións e aprender a respectar as diferenzas e contribuíndo ao seu desenvolvemento persoal.
 - b) Observar e explorar a súa contorna familiar, natural e social, fomentando a súa participación nos diferentes contextos (fogar, colexio, comunidade, asociación, ocio...), desenvolvendo actitudes de respecto nas mesmas,
 - c) Adquirir progresivamente autonomía nas súas actividades habituais.
 - d) Desenvolver as súas capacidades emocionais e afectivas.
 - e) Relacionarse coas demais persoas en igualdade e adquirir progresivamente pautas elementais de convivencia e relación social, así como exercitarse no uso da empatía e a resolución pacífica de conflitos, evitando calquera tipo de violencia.
 - f) Desenvolver habilidades comunicativas en diferentes linguaxes e formas de expresión, utilizando diferentes códigos de comunicación verbal, xestual, gráfico..., (sistemas alternativos e/ou aumentativos para expresar necesidades, ideas e sentimentos).
 - g) Iniciarse nas habilidades lóxico-matemáticas, poñendo foco naqueles aspectos relacionados coa vida cotiá (reloxo, calendario, cartos, estruturación do espazo e tempo...).
 - h) Iniciarse nas habilidades de lectura e a escritura.
 - i) Desenvolver actividades relacionadas coa psicomotricidade (movemento, xesto e ritmo) e con todo o que ten que ver con potenciar a independencia a nivel motor.
 - j) Promover, aplicar e desenvolver as normas sociais que fomentan a igualdade entre mulleres e homes e a non discriminación de persoas por motivos de etnia, orientación ou identidade sexual, relixión ou crenzas, discapacidade ou outras condicións.
 - k) Coñecer e valorar as singularidades culturais, lingüísticas, físicas e sociais de Galicia, poñendo de relevancia as mulleres e homes que realizaron achegas importantes á cultura e á sociedade galegas.
 - l) Desenvolver hábitos de traballo individual e de equipo, de esforzo e de responsabilidade, así como actitudes de confianza en si mesmo, sentido crítico, iniciativa persoal, curiosidade, interese e creatividade na aprendizaxe.

- m) Desenvolver as competencias tecnolóxicas básicas e iniciarse na súa utilización para a aprendizaxe.
 - n) Utilizar diferentes representacións e expresións artísticas e iniciarse na construción de propostas visuais e audiovisuais.
 - o) Valorar a hixiene e a saúde, aceptar o propio corpo e o das outras persoas, respectar as diferenzas e utilizar a educación física, o deporte e a alimentación como medios para favorecer o desenvolvemento persoal e social.
 - p) Coñecer e valorar os animais máis próximos ao ser humano e adoptar modos de comportamento que favorezan a empatía e o seu coidado.
 - q) Asumir responsablemente os seus deberes, coñecer e exercer os seus dereitos no respecto ás demais persoas, practicar a tolerancia, a cooperación e a solidariedade entre as persoas e os grupos.
 - r) Desenvolver a iniciativa persoal e a capacidade para aprender a aprender, planificar, tomar decisións e asumir responsabilidades.
- b) A contribución á adquisición das competencias clave**
As accións educativas que se desenvolvan no CEE Aspace Coruña deben contribuír no seu conxunto á adquisición das competencias clave.
- c) Os criterios para desenvolver os principios pedagóxicos e incorporar os elementos transversais**
- Multidisciplinabilidade
 - Desenvolvemento persoal, emocional e cidadán do alumnado
 - Diálogo intercultural e interxeracional
 - Contribución a unha sociedade máis xusta na que cada quen poida desenvolver as súas propias potencialidades
- d) Os criterios de carácter xeral sobre a metodoloxía**
- Modelo ecolóxico da aprendizaxe, focalizando no contexto da acción educativa. As habilidades funcionais ensínanse mellor no seu contexto natural, porque teñen graves dificultades para xeneralizar o aprendido e traspasalo dunha situación a outra.
 - Ensinanza de habilidades comunicativas e sociais, haberá unha ensinanza de sistemas alternativos/aumentativos de comunicación para dotar as persoas de estratexias comunicativas e de comprensión social básica. Independentemente do método de comunicación que se empregue, o uso de axudas visuais para a comprensión do medio social será imprescindible na ensinanza este alumnado.
 - Para atender as condutas disruptivas trataremos de establecer métodos de aproximacións específicas, respectuosas coas características do noso alumnado e que respondan ás súas necesidades tanto xerais como individuais. O noso enfoque consiste en responder á persoa con parálise cerebral como a persoa que debemos axudar a potenciar ao máximo as súas capacidades de desenvolvemento persoal e de participación enriquecedora no seo da comunidade.

Consideramos que a intervención educativa aplicada a todos os ámbitos das persoas con parálise cerebral é o mellor instrumento para contribuír ao logro de ditos fins.

Os nosos principios metodolóxicos son: intervención personalizada e individualizada, globalización do ensino, estruturación do ensino, estruturacións física e temporal, aprendizaxe significativo, aprendizaxe en contornas naturais, aprendizaxe sen erro, motivación, participación parcial, coordinación coa familia e profesionais que interveñen no proceso de ensino.

e) Os criterios de carácter xeral sobre os materiais e recursos didácticos

- Que sexa axustado ao nivel de desenvolvemento do alumnado, que de resposta ás necesidades tanto cognitivas como madurativas e persoais.
- Que responda aos intereses do alumno/a.
- Deben ser seguros, resistentes.
- Que sexa un material, visual, de fácil comprensión e de consignas claras.
- Atractivos e estimulantes, motivadores e que favorezan a atención.

f) Os criterios de oferta educativa, itinerarios e optatividade, de ser o caso

Debido as características do noso alumnado nos adaptaremos a eles neste senso.

g) O criterios para o deseño de actividades complementarias

- Que respondan aos elementos transversais.
- Que respondan aos obxectivos de desenvolvemento sustentable.
- Que sexan multisensoriais, saudables, accesibles, variadas e funcionais.

h) Os criterios para o deseño de plans de reforzo ou de recuperación para o alumnado que promocióne con materiais, ámbitos ou módulos pendentes de cursos anteriores, de ser o caso

Tendo en conta as características do noso alumando non se realizarán plans de reforzo ou de recuperación, seguiranse os obxectivos, contidos e criterios das Adaptacións Curriculares do noso alumnado.

i) Os criterios para o deseño dos plans específicos de reforzo ou personalizados para o alumnado que deba permanecer un ano máis no mesmo curso, de ser o caso

Tendo en conta as características do noso alumando non se realizarán plans de reforzo ou personalizados, seguiranse os obxectivos, contidos e criterios das Adaptacións Curriculares do noso alumnado, seguindo o Principio de Individualidade.

j) Os criterios xerais para a avaliación e, de ser o caso, a promoción e a titulación

Dada a casuística do noso centro e do noso alumando adoptaremos de maneira sistemática as medidas ordinarias e extraordinarias adecuadas e personalizadas para atender o desfasamento curricular, as necesidades e as dificultades de aprendizaxe da alumna ou do alumno. Ditas medidas extraordinarias inclúen a flexibilización, adaptación curricular e a non promoción, entre outras.

Na etapa de Educación Primaria ao finalizar os cursos segundo, cuarto e sexto da etapa, e como consecuencia do proceso de avaliación, o equipo docente do grupo, na sesión de avaliación final, decidirá sobre a promoción do alumnado. A decisión será adoptada de xeito colexiado, tendo en conta os criterios de promoción e tomando especialmente en consideración a información e o criterio do profesorado titor. A promoción no resto de cursos da etapa será automática.

O equipo docente considera que a permanencia un ano máis no mesmo curso é a medida máis adecuada para favorecer o seu desenvolvemento. A decisión de permanencia no mesmo curso só poderá adoptarse unha vez durante a etapa, oídas as nais, os pais ou as persoas titoras legais.

Na etapa de Educación Secundaria ao finalizar cada un dos cursos da etapa e como consecuencia do proceso de avaliación, o equipo docente da alumna ou do alumno, na sesión de avaliación final, decidirá sobre a súa promoción. A decisión será adoptada de xeito colexiado, atendendo ao grao de consecución dos obxectivos, ao grao de adquisición das competencias clave establecidas e á valoración das medidas que favorezan o progreso da alumna ou do alumno, e tendo en conta os criterios de promoción.

Acadará a promoción dun curso a outro o alumnado que superase as materias ou os ámbitos cursados ou teña avaliación negativa nunha ou dúas materias.

O alumnado que non acade a promoción permanecerá un ano máis no mesmo curso. A permanencia no mesmo curso considerárase unha medida de carácter excepcional e tomarase logo de esgotar as medidas ordinarias de reforzo e apoio para superar as dificultades de aprendizaxe da alumna ou do alumno. En todo caso, a permanencia no mesmo curso planifícase de maneira que as condicións curriculares se adapten ás necesidades do alumnado e estean orientadas á superación das dificultades detectadas, así como ao avance e ao aprofundamento nas aprendizaxes xa adquiridas.

En todo caso, a alumna ou o alumno poderá permanecer no mesmo curso unha soa vez, e dúas veces como máximo ao longo do ensino obrigatorio. De xeito excepcional, poderase permanecer un ano máis no cuarto curso, aínda que se esgotase o máximo de permanencia.

Buscaremos sempre a posibilidade de permanecer na etapa educativa o máximo tempo posible.

k) Os criterios xerais para a elaboración e avaliación das programacións didácticas

Para a elaboración das programacións teremos en conta os principios metodolóxicos establecidos anteriormente. Para a súa avaliación establecemos como principios básicos os seguintes:

- Avaliar aprendizaxes adaptadas a idade cronolóxica e madurativa
- Avaliar aprendizaxes que sexan funcionais e útiles
- Avaliar aprendizaxes importantes para a propia persoa e para os achegados
- Avaliar aprendizaxes de competencias xerais
- Avaliar aprendizaxes desexables e positivos

l) Os criterios para a participación do centro en proxectos, plans e programas

Elixiranse proxectos, plans e programas que se adapten a casuística do noso alumnado.

m) O procedemento para a revisión, avaliación e modificación da concreción curricular.

Durante o curso, a concreción curricular poderá sufrir revisións e avaliacións sempre que estas sexan impulsadas pola Consellería de Educación, Formación Profesional e Universidade.



Casteliño 24, 15160 – Sada (A Coruña)
Telf.: 981 610 312 / 981 648 290 (Residencia)
aspacecoruna@aspacecoruna.org
www.aspacecoruna.org

Miembro de:

